- Adquisición progresiva da lectoescritura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención.

Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferenzas persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en

prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico

- Aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos e alumnas se transformen en persoas que aprenden a aprender e están motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que están preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para éste unha solución.

- Traballarase as intelixencias múltiples tendo en conta o VARK facendo propostas diferentes tanto a nivel traballo como a nivel estudo, para traballar a memorización, organización de contidos, Uso das TIC , empregando a gamificación e ludificación. tamén insistiremos en propostas manipulativas, debates, exposicións de maneira que o noso alumnado poida entrar en contacto con aquela parte da súas capacidades nas que se sintan máis cómodos e plenos.

Destacaremos a labor dos talleres do plan lector e do plan escritor, onde o noso alumnado se iniciará no coñecemento creación de diferentes tipos de texto, fomentando a súa creatividade e autonomía. Empregarase tamén o libro viaxeiro, para crear unha historia onde interveñan a totalidade dos membros da comunidade educativa estreitamente relacionados co alumnado do 1º nivel de EP.

Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas. En resumo, será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

-Traballaremos con metodoloxías contextualizadoras, desenvolvendo actividades de diversos tipos relacionadas con aspectos próximos e coa resolución de problemas da vida real, de especial importancia na educación científica, que ten aspectos relativamente abstractos. Deste xeito débese coñecer o nivel de desenvolvemento do alumnado, os seus coñecementos previos mediante a realización de actividades de introdución e motivación, como a visualización de vídeos e a elaboración de hipóteses: ¿Que ocorrería se...?

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos . Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

.-Introduciremos a s TIC na aula, desenvolvendo ao alumnado técnicas de traballo para o uso e tratamento da información mediante diferentes aplicacións e elaboración de dossieres.

-Levaranse a cabo diferentes proxectos ou plans competenciais globalizados como a PLAMBE, TIC, PROXECTO LECTOR, PLAN DE CONVIVENCIA , PLAN PROXECTA (Alimenta-T-Ben e Paisaxe e Sustentabilidade), UNHA VENTÁ ABERTA AO MUNDO dentro do tema troncal do centro, proposto polos diferentes equipos para levar a cabo durante todo o curso. A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque

globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado. E outros que poidan xurdir e ns parezan adaptados e interesantes para a nosa programación, polo seu carácter aberto e flexible.

Ademais das pautas de actuación xa mencionadas, farase especial fincapé nas seguintes, especialmente no alumnado con NEAE, para favorecer a súa integración e a adquisición dos obxectivos e competencias propostas:

Preparar as clases evitando a rutina e a improvisación, fomentando un clima de atención.

Ofrecer explicacións breves, concretas e claras.

Empregar vocabulario axeitado ao nivel do alumnado, neste caso 1º EP.

Cada día pasarase lista para controlar a asistencia e aproveitaremos este momento para darlle as responsabilidades ao encargado/a de clase: data, reparto de material. Ademais ao rematar cada sesión, entre todos e todas deixaremos a aula recollida e limpa, facendo reciclaxe axeitada. Ademais do tempo adicado a autoavaliación do noso día na aula (traballo, comportamento, actitude)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: folios, cartolinas, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula. Encerado dixital interactivo.
Libros da biblioteca de aula e de centro.
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...).

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación,

facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	8	8	8	8	9	9
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Táboa de indicadores	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :

o Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).

o Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).

o Ter unha caligrafía lexible (5%)

- Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) 20% :

o Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (10%),

o Aмосa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (10%)

- Actividades de expresión e creación 20% :

o Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración (10%).

o Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)

- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)
- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

Criterios de recuperación:

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Descrición do grupo despois da reunión de nivel e previa consulta dos expedientes académicos

Número de alumnos: 1ªA: 14 Alumnos / a

Hai unha alumna que precisa apoio de AL e PT e outros, por confirmar, que precisan reforzo de AL.

Nas aulas hai unha diferenciación de tres niveis de alumnado:

- Un primeiro nivel moi bo
- Un segundo nivel normal
- Un terceiro nivel baixo

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (Cómpre ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non-diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis persoalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora
- Enriquecemento curriculara)

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo e sen coñecemento da lingua: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos procedimentais e actitudinais, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente nos contidos conceptuais.

Cando non bastan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos de optatividade, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

- REFORZO: Fichas fotocopiáveis con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.

-AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiáveis con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.

- COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...

- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).

- ENSINANZA TITORIZADA.

-TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.

-LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

A atención á diversidade vai dirixida ao conxunto do alumnado e non só aos alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade de alumnos e alumnas que, como parte dela, enriquecen a labor educativa. Esta aceptación de diversidade supón unha análise sobre o grupo de alumnado co que se está a traballar, aceptando que cada persoa ten o seu propio ritmo, intereses, capacidades e necesidades, pero tamén ser conscientes de que a diversidade supón un recurso de primeira orde para que adquiran actitudes de respecto, coidado e preocupacións polas necesidades dos outros.

Faise por tanto precisa a adopción e utilización de estratexias efectivas que garantan a atención á diversidade da aula e a unha inclusión real, tales como:

- Partir dos coñecementos previos do alumno / a (avaliación inicial).

- Potenciar a implicación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, incrementando a súa participación e colaboración.

- Plantexar actividades e procedementos de avaliación diversificados, adaptados aos diferentes niveis e intereses dos nenos e nenas.

- Aprendizaxes funcionais e significativos.

- Modificacións dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose aos ritmos individuais.

- Adecuación de axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos da avaliación.

- Adecuar a metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.

- Adecuación das actividades ás diferencias individuais dos alumnos e alumnas.

- Utilizar as vías de comunicación establecidas para relacionarse coa familia, preferiblemente telefónicas ou por correo electrónico, tal e como establece o protocolo.

- Establecer canles de comunicación e colaboración co departamento de orientación do centro.

En cada unidade didáctica elaboraremos por tanto actividades de reforzo e aplicación para atender á diversidade, como por exemplo xogos manipulativos, fichas de reforzo ou ampliación, organizando pequenos grupos para reforzar ou ampliar contidos ou traballando coas TIC...

Notificaremos ao Departamento de Orientación do centro as posibles necesidades de intervención por parte das especialistas de PT e AL

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, ás súas circunstancias particulares.

A clase adaptarase ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna, empregando a metodoloxía que favoreza a aprendizaxe da totalidade do alumnado, adecuando esta a cada neno ou nena. Partiremos dunha avaliación inicial do alumnado que nos permitirá determinar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas e saber así cal será o punto de partida.

En canto se detecten dificultades na aprendizaxe, a titora e o centro poñerán en funcionamento as medidas de reforzo educativas que se consideren máis axeitadas, tanto organizativas coma curriculares.

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento.				X		X	X	
ET.4 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.						X		X
ET.6 - Educación para a saúde (incluída a sexual).		X	X	X		X		
ET.7 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento.			X	X
ET.4 - Educación para a paz.	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X		
ET.6 - Educación para a saúde (incluída a sexual).				X
ET.7 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á biblioteca da vila	.	X		

Observacións:

Dende a Biblioteca e Dinamización propúxose un tema vertebrador, A auga. fonte de vida, polo que tamén faremos actividades complementarias referentes ao tema, que nos servirán para reforzar os contidos traballados nas outras disciplinas.

Participaremos de cheo en todas as actividades propostas polos equipos do centro: Biblioteca, Dinamización, Tic así como nas diferentes celebracións conmemorativas, tanto a nivel colexio como pequeno grupo.

Celebraranse O Samaín, O Magosto, o Nadal, o Día da Paz, O Entroido, O día da Poesía, O día do Libro, a Semana das Letras Galegas, así como saídas ao entorno e fóra do entorno.

Tamén participaremos nas conmemoracións propostas dende o Equipo de Biblioteca, extraescolares e dinamización lingüística, facendo actividades comúns: Día Universal da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia, Día Internacional das persoas con Discapacidade, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Educación, Día da Paz, Día de Rosalía de Castro, Día Internacional da Muller, Día Mundial da Saúde, Letras Galegas, Día Mundial do Medioambiente, Semana da prensa, Semana do libro, Día Internacional contra o Acoso Escolar, Día de Europa...

Deseñaránse e implementaránse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de xeito integral.

As actividades programadas serán en función dos intereses do alumnado. Realizaremos ao longo do curso actividades tanto no centro, na contorna e fora da vila, sempre que sexa posible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítese elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.

- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	43
4.2. Materiais e recursos didácticos	45
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	46
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	46
6. Medidas de atención á diversidade	48
7.1. Concreción dos elementos transversais	50
7.2. Actividades complementarias	51
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	52
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	53
9. Outros apartados	54

1. Introducción

Esta programación foi deseñada para alumnos e alumnas de 1º nivel de Educación Primaria. Os grupos están formados por alumnado con distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Este é o motivo polo que deseñamos unha programación aberta e flexible para que se adapte a cada un deles ou delas e a súa situación.

Esta escola está situada en Arzúa, A Coruña.

Este centro educativo conta tamén cunha Biblioteca, unha aula de PT, unha aula de AL, unha aula de informática, unha aula de música, dúas aulas de inglés, un ximnasio, dous patios, unha sala de mestres

As súas instalacións están compostas por varios edificios nos que se sitúan as aulas, a sala de mestres, a Biblioteca, a aula de audiovisuais, as oficinas, un ximnasio, o comedor, a aula de informática,... pistas deportivas e unha zona de xogos para Educación Infantil.

A principal actividade económica das familias que acoden a este centro está vencellada á agricultura e gandeiría, destacando a incorporación dende o ano 1993 no sector turístico polo Camiño de Santiago atopándose nun nivel sociocultural medio.

A lingua vehicular do centro será o galego, xa que esta é a lingua materna da maioría dos nenos e nenas e das súas familias. O reparto de horas en Castelán e Galego farase seguindo a porcentaxe marcada no Proxecto Lingüístico do centro.

Esta programación vaise desenvolver na área de Lingua Galega de 1º ed Educación Primaria, nun centro rural dunha vila interior de 15 unidades (6 de EI e 9 de EP). O nivel socioeconómico e cultural do alumnado de 1º é medio, a maioría adícase ao sector primario e ao sector servizos.

Atendendo á situación sociolingüística, podemos afirmar que a lingua que predomina na comunicación entre os membros da comunidade educativa deste nivel é o galego, aínda que hai que ter en conta que o uso do castelán está aumentando. Por isto terase en conta o Decreto 79/2010, garantindo que todo o alumnado chegue a adquirir con éxito a competencia lingüística, propia da etapa e do nivel, nas dúas línguas oficiais de Galicia.

En liñas xerais, podemos dicir que tanto a relación como a comunicación familia-escola é boa. Móstrase interese por ambas partes, facilitando o correcto e efectivo funcionamento do proceso de ensino-aprendizaxe, da comunidade educativa e do colexio.

O alumnado para o cal se elabora a programación atópase no 1º nivel de EP, con idades comprendidas entre 5 e 6 anos. Neste nivel, o alumnado xa tivo contacto co medio que os rodea polo que, como docentes, deberemos partir das súas experiencias, problemas e intereses, cunha metodoloxía global e interdisciplinar, para que as aprendizaxes se integren de maneira efectiva na súa vida cotiá. É dicir, para que aprendizaxe sexa significativa e funcional.

Hai que destacar a presenza de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para o cal se recollen na mesma medidas específicas no apartado de atención á diversidade. Tamén o avance das novas tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá fai que se empreguen como medio motivador, procurando sempre un uso seguro, eficaz e responsable.

A aula de 1º é ampla e luminosa. Dado o número de alumnado e as súas dimensións permítennos organizar o espazo en función das necesidades dos traballos propostos. Contamos cun ordenador na aula, pantalla interactiva e diferentes recunchos de traballo.

A ensinanza da lingua galega e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes

Bloque 2: Comunicación oral

Bloque 3: Comunicación escrita

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional

Bloque 5: Educación literaria

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	IMOS Á ESCOLA	Expresión oral: presentación dun mesmo e dun compañeiro ou compañeira. Identificar en imaxes as diferencias entre a escola de antes e a de agora. Comprensión auditiva dun conto sobre a escola. Comprensión lectora: comprensión das ilustracións dun conto. Vocabulario: a escola Lectoescritura: discriminación visual e	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	IMOS Á ESCOLA	auditiva das vogais e as consoantes: l, m, p, s. Gramática: A maiúscula ao inicio. O artigo determinado. Literatura: Textos poéticos: Retrosos para xogos de recreo..	8	12	X		
2	FACEMOS XIMNASIA	Expresión oral: Falamos sobre os deportes. Gustos e preferencias. Importancia da practica deportiva. Comprensión lectora: interpretación do título e as imaxes que ilustran o conto. Comprensión da audición dun conto. Vocabulario: Deportes. Samaín. Partes do corpo Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: t, n, d, c, q, z, h, nh. Gramática: O artigo indeterminado Literatura: Texto narrativo. Cómic Contido cultural: O Samaín.	8	12	X		
3	COMEMOS CON XEITO	Expresión oral: exprersamos os nosos gustos e preferencias sobre a alimentación. Falamos da importancia dunha alimentación saudable e equilibrada. Comprensión lectora: Lectura de imaxes e interpretación das mesmas Comprensión auditiva dun conto. Vocabulario: Tendas onde mercamos os distintos alimentos. Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: x, r, rr, g, gu,¿gÜ, ñ. Gramática: as contraccións do artigo. Expresión escrita: Elaboración de xeito guiado dunha receita con castañas. Contido cultural: O Magosto. Literatura: Cantigas. Texto poético.	8	12	X		
4	A CIDADE	Expresión oral: elementos dunha localidade. Comprensión lectora: Texto informativo. Vocabulario: nadal Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: b, v, f, ch, ll Gramática: a sílaba e a palabra Contido cultural: O nadal e as súas tradicións Literatura: Texto informativo. Cantos de Reis.	8	12	X		
5	ANIMAIIS QUE VIVEN CON NÓS	Expresion oral: Importancia do coidado dos animais Comprensión lectora: lectura comprensiva dun conto. Lectura dun poema Vocabulario: Os aumentativos Lectoescritura: discriminación visual e	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	ANIMAIS QUE VIVEN CON NÓS	auditiva dos grupos consonánticos: br, bl, pr e pl. Gramática: O nome. O nome propio. O uso das maiúsculas. Aspecto cultural: Día da Paz Expresión escrita: Escritura guiada dun poema. Literatura: a poesía	8	12		X	
6	UNHA OLLADA AO REDOR	Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a natureza. Comprensión lectora: un texto informativo sobre as árbores da fraga. Lectura dun poema. Vocabulario: os diminutivos. Vocabulario relacionado coa natureza e o entroido. Lectoescritura: discriminación visual e auditiva dos grupos consonánticos: fr, cr, cl Gramática: a maiúscula e o punto. Literatura: a poesía e o texto informativo. Cantigas. Adiviña. Cultural: O entroido	8	12		X	
7	LIXO NINGÚN	Expresión oral: debatimos sobre a importancia e os beneficios da reciclaxe e de coidar as paisaxes de Galicia. Comprensión lectora: identificación da idea principal dun texto poético e dun conto. Vocabulario: os sinónimos. Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes trabadas: gr, gl, tr, dr Gramática: O xénero e número. Norma ortográfica mb - mp. Literatura: textos poéticos e narrativos. Cultural: Rosalía de Castro. Camiño de Santiago.	8	12		X	
8	AUGA NECESARIA	Expresión oral: importancia da auga para os seres vivos. Medidas para non malgastar a auga. Recitado e memorización de poemas curtos. Comprensión lectora: lectura e interpretación de imaxes. Comprensión auditiva dun conto. Lectura comprensiva dun conto. Vocabulario: antónimos Lectoescritura discriminación visual e auditiva das letras e grupos consonánticos traballados. Expresión escrita: Escritura guiada de poemas e rimas. Gramática: O pronome persoal. A coma, Literatura: Textos narrativos e poéticos. Refrás e cantigas. Contido cultural: Día da Poesía.	8	12		X	
9	APROVEITAR CON XEITO	Expresión oral: Os materias de que están feitos as cousas.	9	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	APROVEITAR CON XEITO	Comprensión auditiva dun conto. Comprensión lectora dun texto narrativo, un conto. Vocabulario: As palabras simples e as palabras compostas. Gramática: O pronome demostrativo. O signo de interrogación. Lectura interpretativa dun folleto. Expresión escrita: Elaboración guiada dun folleto. Contido cultural: Día do libro. Literatura: Texto narrativo. Folleto.	9	11			X
10	MAQUINARIAS	Expresión oral: interpretación de imaxes sobre as enerxías e os materiais reciclados. Lectura comprensiva de un texto dialogado. Vocabulario: As familias de palabras. Gramática: O pronome posesivo e o signo de exclamación. Comprensión lectora: Texto instrutivo. Expresión escrita: Elaborar instrucións de xeito guiado. Aspecto cultural: Os Maios. Literatura: Teatro. Instrucións	9	11			X
11	ARTISTAS CON ARTE	Expresión oral: interpretación de imaxes. Comprensión lectora. Unha entrevista. Descrición. Un texto poético Vocabulario: O campo semántico. Gramática: O verbo. O punto e seguido. Expresión escrita: Describir unha paisaxe seguindo un modelo dado. Literatura: Poesía. Entrevista. Contido cultural: Día das Letras galegas.	9	11			X
12	OS OCÉANOS	Expresión oral: O Globo Terráqueo. Comprensión lectora: Texto narrativo. Texto poético. Gramática: O punto e final. A oración. A orde alfabética. Expresión escrita: descrición seguindo un modelo determinado. Aspecto cultural: O Día do Medio. Literatura: Texto poético e narrativo.	9	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	IMOS Á ESCOLA	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura como instrumento para mellorar a comunicación.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Usa correctamente a biblioteca de centro.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
